




Área / Unidad FOMENTO DEPORTES MGR	Documento 2141AI0013	
Código de verificación  3F4Y 5611 3A6Y 650W 17LL	Expediente 214/2026/2	
	Fecha 16-03-2026	

## CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO DESTINADAS AO FOMENTO E APOIO Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS PARA DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO 2026

### 1 NORMATIVA APLICABLE

1.1 De conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante, LXS), a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (RD 887/2006 e Decreto 11/2009), convócanse subvencións para entidades deportivas sen ánimo de lucro, destinadas á realización de actividades físicas e deportivas para desenvolver durante o exercicio 2026 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026).

1.2 A presente convocatoria rexerese polas bases reguladoras e polas normas contidas na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada polo Pleno do Concello na sesión do 6 de xuño de 2024 e cuxo texto íntegro se publicou no *Boletín Oficial da Provincia* do 16 de agosto de 2024.

1.3 Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo Goberno, resúltanlle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo Goberno e a Instrución de transparencia do Concello da Coruña, do 9 de marzo de 2016.

1.4 Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica, terase en conta o establecido nas Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.

1.5 As bases estarán ao dispor das entidades interesadas, na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.gal> e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>.



## 2 BENEFICIARIOS

2.1 Poderán ser beneficiarias as **entidades deportivas sen ánimo de lucro** constituídas, de acordo coas súas disposicións específicas, por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, **con sede social ou delegación no termo municipal da Coruña**, que teñan por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Terase en conta, para determinar a sede social da entidade, o domicilio que figure nos estatutos desta asentados no Rexistro correspondente. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a dita modificación no Rexistro correspondente. O requisito de posuír a súa sede social ou delegación no termo municipal da Coruña debe cumprirse á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o final do prazo da xustificación.

No caso de existir delegación da entidade, deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar, a nome da entidade, no que conste que a súa utilización será para realizar actividades físicas e deportivas propias da entidade que deberán desenvolverse obrigatoriamente na devandita delegación. A Concellería de Deportes, a través do Servizo Municipal de Deportes, poderá inspeccionar estas instalacións e comprobar que efectivamente se cumpre esta condición.

O requisito de dispoñer de sede ou delegación no termo municipal da Coruña non se lles esixirá ás federacións deportivas para a organización de eventos deportivos do tipo 2 que sexan considerados de interese municipal pola Concellería de Deportes.

Terán o carácter de entidades deportivas aquelas definidas como tal no artigo 40 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Por tanto, consideraranse entidades deportivas, segundo o art. 41 da Lei 3/2012, do 2 de abril, para os efectos de obter estas subvencións, os clubs deportivos, as agrupacións deportivas escolares, as seccións deportivas e as federacións deportivas. Estas entidades rexeranse pola normativa recollida no capítulo II do título IV da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.2 Así mesmo, son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta provisional de concesión da subvención, ademais dos determinados, con carácter xeral, no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, os seguintes:

- a) Que carezan de fins de lucro e que, consonte os seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención. O



## Concello da Coruña

cumprimento deste requisito esixirá, en todo caso, estar constituído de conformidade coa normativa vixente e debidamente inscritos no correspondente Rexistro administrativo.

b) Que a actividade ou proxecto para o que se solicite a subvención coincida con algunha das finalidades recollidas na base 3 da presente convocatoria.

c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello e a Seguridade Social.

Na solicitude de subvención, o/a interesado/a autoriza o Concello para consultar o cumprimento deste apartado. De conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello da Coruña, e sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar que se cumpre este apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada. Neste caso, deberán presentar a documentación acreditativa, nos termos establecidos regulamentariamente, para o que cumprirá que acheguen as certificacións acreditativas oportunas.

d) Se a actividade para a que se solicita a subvención ten como suxeitos persoas menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizar tales actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito determinado no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (segundo a redacción dada polo n.º 5 do artigo 13, introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29 xullo), e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude, que será asinado polo/a representante legal, debidamente acreditado/a.

e) Os demais recollidos na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos e na Lei xeral de subvencións.

2.3 Así mesmo, coa finalidade de axilizar a concesión das subvencións, tramitarase o procedemento ata a resolución de concesión definitiva, mesmo no caso de que aínda non estiver xustificada calquera subvención anteriormente



# Concello da Coruña

outorgada polo Concello da Coruña. Nestes casos, o recoñecemento da obriga queda condicionado ao peche, de conformidade da subvención ou subvencións pendentes de xustificar.

## 3 OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a concesión de axudas económicas co fin de fomentar e apoiar a realización de actividade física e deportiva por parte das entidades deportivas sen ánimo de lucro do termo municipal da Coruña durante o exercicio 2026.

Non se admitirá a presentación de solicitudes de subvencións que non teñan como finalidade realizar unha actividade física ou deportiva dentro do termo municipal da Coruña, coa única excepción daquelas entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social na cidade que presenten proxectos destinados a competir fóra do termo municipal. Admítese esta excepción entendendo que a participación ou organización destas probas contribúe a conseguir logros e recoñecementos para a cidade e os seus/as súas deportistas.

Así mesmo, admitirase excepcionalmente a organización de eventos deportivos do tipo 2 fóra do termo municipal da Coruña cando as entidades deportivas acrediten adecuadamente que non se pode desenvolver a actividade solicitada dentro do termo municipal da Coruña.

As actividades clasificaranse, para os efectos desta convocatoria, nos seguintes tipos:

### TIPO 1. ACTIVIDADE DEPORTIVA

**Tipo 1A. Actividade federada:** segundo a Lei 3/2012, do 3 de abril, de deporte de Galicia (LDG), considérase actividade deportiva o exercicio físico regulamentado, cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvoltas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica. As entidades beneficiarias desta axuda teñen que levar a cabo principalmente unha actividade federada, sobre a que se valorará a contía correspondente.

**Tipo 1B. Actividade física ou deporte para todos:** segundo a LDG, considérase actividade física o exercicio físico desenvolto co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer e de favorecer o desenvolvemento integral da persoa. Este tipo de actividade non ten como obxecto a actividade federada e encádrase dentro do deporte para todos.

Inclúense todas as modalidades deportivas, así como as actividades de natureza e tempo libre, sempre que non teñan cabida no tipo 1A.



# Concello da Coruña

Non se inclúen dentro desta modalidade aquelas actividades que requiran, para desenvolverlas, algún medio de transporte, con ou sen motor, aínda que se realicen ao aire libre.

**Tipo 2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO:** organización de eventos deportivos e competicións na cidade da Coruña, cursos ou congresos deportivos de carácter nacional ou internacional. Con todo, admitirase excepcionalmente a organización de eventos deportivos do tipo 2 fóra do termo municipal da Coruña cando as entidades deportivas acrediten adecuadamente que a actividade solicitada non se pode desenvolver dentro do termo municipal da Coruña.

Enténdense por competicións ou eventos deportivos de carácter extraordinario aqueles que teñen periodicidade anual ou superior.

**Tipo 3. ASISTENCIA A COMPETICIÓN QUE SEXAN PRODUTO DUN BO RESULTADO NA COMPETICIÓN REGULAR. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do 18 ao 29 de maio de 2026 ambos incluídos** (campionatos de España, Europa, fases de ascenso ou fase final) fóra do municipio. Non serán admitidos os campionatos tipo "OPEN"; só se valorará a asistencia a campionatos que requiran clasificación previa mediante a acreditación de certificados federativos. De non existir competición previa, deben xustificarse a través da federación correspondente os motivos polos que non existe esta competición. A subvención obtense pola participación na fase de ascenso ou etapa final, independentemente do resultado.

## 4 GASTOS SUBVENCIONABLES

**4.1 En relación co tipo 1A, admitiranse os seguintes gastos:** persoal; equipamento deportivo e alugueiro de instalacións deportivas; desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención); gastos de actividade federativa (licenzas, arbitraxes, canons ou cotas de participación) e outros gastos directamente vinculados e necesarios que serán valorados polo centro xestor na revisión da solicitude da subvención.

**En relación co tipo 1B, admitiranse os seguintes gastos:** persoal, equipamento deportivo e alugueiro de instalacións deportivas, seguros, así como outros gastos directamente vinculados e necesarios que serán valorados polo centro xestor na revisión da solicitude da subvención.

**En relación co tipo 2, admitiranse os seguintes gastos:** persoal: en relación con estes gastos de persoal, deben poder xustificar adecuadamente o importe orzado para "persoal", desagregado por traballadores/as, funcións e no que se xustifique a súa necesidade en relación co proxecto que se quere subvencionar e deberán gardar coherencia entre o período de realización da actividade e o período e intensidade (porcentaxe de imputación) do gasto (nómina) que se pretende imputar; equipamento deportivo e alugueiro de instalacións deportivas para o evento; desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención); gastos da



# Concello da Coruña

actividade federativa para o evento (licenzas, arbitraxes, canons ou cotas de participación); premios (se son económicos, coa condición de que consten no regulamento e sexan aboados por transferencia bancaria); e seguros; así como outros gastos directamente vinculados e necesarios que serán valorados polo centro xestor na revisión da solicitude da subvención.

**En relación ao tipo 3, admitiranse** os gastos de desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención), así como outros gastos directamente vinculados e necesarios que serán valorados polo centro xestor na revisión da solicitude da subvención.

Os gastos de viaxes, aloxamentos e manutención serán subvencionables para o **tipo 1A, tipo 2 e tipo 3**, coas seguintes condicións: unicamente se asumirán os gastos correspondentes ás persoas deportistas participantes na competición e ao persoal técnico e/ou de adestramento que as acompañe, e que correspondan aos días e horas que dure esta, tendo en conta o calendario oficial de competicións. Ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Os gastos de desprazamento (combustibles, peaxes etc.) non poderán xustificarse con gastos de desprazamentos en vehículos privados.
- b) Os gastos de aloxamento subvencionables non poderán superar o importe de 53,34 euros/día por persoa e os gastos de manutención que se subvencionarán estarán limitados a un máximo de 26,67 euros/día por persoa.

**Deberá xustificarse coa factura que os gastos de aloxamento e manutención subvencionables lles corresponden ás persoas que participan directamente na competición, así como ao corpo técnico** (deberá indicarse na propia factura desagregada, o nome, apelidos, réxime de manutención e días de aloxamento).

En todo caso, todos os gastos lle serán aboados desde a conta da entidade destinada para os efectos, ao prestador do servizo, sen que se admitan pagos directos ás persoas participantes (salvo casos excepcionais debidamente acreditados).

**4.2** Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención: gastos relativos a cartelería, dípticos e trípticos, subministracións e servizos efectuados por provedores etc.

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período anual de vixencia da subvención. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.



## Concello da Coruña

**4.3** Gastos indirectos: estes gastos non serán admisibles para ningún tipo establecido nestas bases.

**4.4** En todo caso, menos os recollidos no artigo anterior, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que este está directamente relacionado coa actividade e é estritamente necesario.

**4.5** Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo da xustificación.

**4.6** En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

### **4.7. Subcontratación**

Poderase subcontratar ata o 50% da actividade subvencionada. O réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións dos supostos determinados nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas para supostos distintos ao apartado anterior e cando a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable como tal e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade subvencionada, excepto se este incremento lle supón un valor engadido á actividade, que deberá ser acreditado.
- No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e este importe sexa superior a 60.000,00 euros, é preciso que sexa autorizado o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- Os beneficiarios non poderán contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas coa primeira (artigo 68 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións), salvo que concorran as seguintes circunstancias:
  - 1.º Que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente.
  - 2.º Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación, nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos do/a beneficiario/a.

Considerarase que existe vinculación por parte da entidade beneficiaria con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:



- Persoas físicas unidas por relación conxugal ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade, parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao, ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas físicas e xurídicas que teñan unha relación laboral retribuída mediante pagos periódicos.
- Ser membros asociados do beneficiario a que se refire o apartado 2 e membros ou partícipes das entidades sen personalidade xurídica a que se refire o apartado 3 do artigo 11 da Lei xeral de subvencións.
- Unha sociedade e os seus socios maioritarios ou os seus conselleiros ou administradores, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.
- As sociedades que, consonte o artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, reguladora do mercado de valores, reúnan as circunstancias requiridas para formaren parte do mesmo grupo.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e os seus representantes legais, patróns ou quen exerza a súa administración, así como os cónxuxes ou persoas ligadas con análoga relación de afectividade e familiares ata o cuarto grao de consanguinidade ou de afinidade ata o segundo.
- As persoas xurídicas ou agrupacións sen personalidade e as persoas físicas, xurídicas ou agrupacións sen personalidade que conforme as normas legais, estatutarias ou acordos contractuais teñan dereito a participaren en máis dun 50% no beneficio das primeiras.

Pese o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

#### 4.8 Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas

Consonte o establecido no artigo 31.3 da Lei xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa vixente de contratación pública para o contrato menor (15.000,00 euros, IVE non incluído), o/a beneficiario/a deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, **con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo**, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a solicitar a subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se for o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía. Deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

De conformidade co artigo 99.2 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, non poderá fraccionarse un contrato coa finalidade de diminuír a contía deste e



# Concello da Coruña

eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que correspondan.

## 4.9 Gastos non subvencionables

**Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables** e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

En ningún caso serán gastos subvencionables, de conformidade co art. 31.7 da LXS:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos, cando son susceptibles de recuperación ou compensación.

Ademais, son **gastos non subvencionables os gastos de axudas de custo ou similares, excepto** o disposto na base 4.1 para os **tipos 1A, 2 e 3**, relativo aos gastos de viaxes, aloxamentos e mantención e coas condicións alí recollidos.

Non se inclúen entre os gastos non subvencionables as liquidacións de gastos de persoal federativo que resulte imprescindible para desenvolver competicións federadas.

Así mesmo, non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recollidos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado nesta convocatoria. Para estes efectos, poderanse imputar gastos correspondentes ao mes de decembro inmediatamente anterior ao exercicio orzamentario 2026, sempre que se acredite que a realización dos ditos gastos é necesaria para a execución correcta do proxecto subvencionado.

## 5 CRÉDITO ORZAMENTARIO

5.1 O crédito total destinado ás subvencións obxecto da presente convocatoria é de **CATROCENTOS CINCUENTA MIL EUROS** (450.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 52.341.48900 do Orzamento municipal.

O crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poidan conceder.

5.2 A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente logo da tramitación previa do expediente de modificación de crédito. De conformidade co disposto no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS, no caso de que este crédito se



# Concello da Coruña

incremento como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderáselle aplicar á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

## 6 DISTRIBUCIÓN GLOBAL ENTRE TIPOS DE ACTIVIDADES

O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, cos seguintes límites máximos:

**Tipo 1. Actividade deportiva: 1A; actividade federada e 1B; actividade física e deporte para todos:** ata o 33,33% do total do orzamento (é dicir, ata 150.000,00 euros).

**Tipo 2. Actividades deportivas de carácter extraordinario:** ata o 55,56% do total do orzamento (é dicir, ata 250.000,00 euros).

**Tipo 3. Asistencia a competicións:** que sexan produto dun bo resultado na competición regular (campionatos de España, Europa, fases de ascenso ou fase final) fóra do municipio. Ata o 11,11% do total do orzamento (é dicir, ata 50.000,00 euros).

Con todo ao anterior, a Administración municipal quedará facultada para modificar a distribución dos niveis porcentuais indicados se, como consecuencia das solicitudes presentadas, existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera das actividades deportivas encadradas nos catro grupos sinalados, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

## 7 NORMAS XERAIS E LÍMITE MÁXIMO DAS ACTIVIDADES QUE SE VAN SUBVENCIONAR

7.1 Cada entidade deportiva debe presentar **unha solicitude individual, a través da Sede electrónica, por cada subvención que solicite**. É obrigatorio cubrir a solicitude (formulario web) indicada no trámite específico establecido, consonte o que determina a base 7.2 e indicar de modo claro o tipo de actividade para a que se solicita esta subvención. O erro na clasificación da actividade por tipo non dá lugar á perda do dereito de subvención. O Servizo de Deportes pode cambiar a clasificación da actividade cando exista un erro ou cando, en caso de dúbida, este cambio poida beneficiar o/a interesado/a.

7.2 **Unha mesma entidade deportiva só pode solicitar un máximo de dúas (2) subvencións de entre o total de tipos enumerados na base 3.** Por tanto, só poderán subvencionarse dúas (2) actividades distintas dunha mesma entidade.

7.3 No caso de que a entidade deportiva perciba **unha axuda de forma directa** (convenio nominativo) durante o ano 2026 por parte da Concellería de Deportes



## Concello da Coruña

ou dun ente colaborador, non terá dereito a solicitar ningunha subvención da liña 1, a non ser que o obxecto do convenio sexa o da organización dun evento en concreto. No caso de compatibilidade, só poderá solicitar unha subvención das contidas na base 3.

7.4 Todas as actividades propostas deben ser concretas e dirixidas á realización dunha **actividade física ou deportiva específica**.

7.5 O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 80% do total deste. En consecuencia, o **coeficiente de financiamento propio será como mínimo do 20%**.

**O orzamento máximo total en ningún caso será inferior a 2.000 euros (gastos); na fase de xustificación da actividade non se admitirán diminucións do orzamento total executado por baixo do dito límite. Se así sucedese, perderase o dereito á subvención e iniciárase un expediente de reintegro das cantidades percibidas, de ser o caso.**

O coeficiente de financiamento propio poderá estar constituído tanto pola achega propia da entidade solicitante como daquelas outras achegas ou cotas procedentes doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas. É dicir, esa porcentaxe de financiamento propio pode cubrirse con outras subvencións ou patrocinadores.

7.6 Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificando pola persoa beneficiaria.

7.7 A concesión da subvención non presupón a autorización do uso do dominio público municipal nin das instalacións deportivas municipais. Se for necesaria a utilización dos ditos espazos para desenvolver a actividade subvencionada, a entidade organizadora deberá solicitar a autorización de uso deses espazos nas condicións establecidas pola normativa vixente.

**7.8 No caso de que se perciba unha subvención por parte do Concello da Coruña, a entidade beneficiaria estará obrigada a facer constar que a actividade está subvencionada polo Concello. Para iso, inserirase o logotipo do Concello da Coruña en carteis, páxina web, lonas publicitarias, equipamento deportivo (neste último caso, sempre que sexa posible) e demais elementos publicitarios da dita actividade.** Se se solicita a subvención cando a actividade xa se realizou, a entidade ten a obriga de inserir en todos os elementos de publicidade futuros e na súa propia web que a actividade foi subvencionada polo Concello da Coruña.



## Concello da Coruña

En todo caso, nos elementos publicitarios deberá adecuarse a imaxe corporativa ao manual vixente do Concello da Coruña, que poderá consultarse na seguinte páxina web:

<https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=es>

Cando se insira o logotipo en carteis, páxinas web, lonas ou demais elementos gráficos, debe figurar a expresión "**COLABORA: CONCELLO DA CORUÑA**", xunto co logotipo que estea nese momento aprobado polo Concello da Coruña. Se a subvención se destina a financiar a compra de equipamento deportivo, inserirase o logotipo do Concello da Coruña nun lugar visible e cun tamaño que garde o principio de proporcionalidade ou superior ao resto de colaboradores da entidade, sempre que sexa posible inserir o logo no dito material.

Deberase indicar nas RRSS a colaboración do Concello da Coruña, para o que se etiquetará a corunadeportes.

Sen prexuízo doutras accións publicitarias e informativas que desenvolva a entidade deportiva, no caso de subvencións concedidas para o tipo 1, será obrigatorio para a entidade deportiva que o logo do Concello da Coruña conste na indumentaria deportiva oficial do club, en idénticas condicións de visibilidade que o resto dos logotipos, se os houber.

Os gastos nos que se incorra como consecuencia da inserción do logotipo nos elementos publicitarios poderán ser considerados gastos subvencionables directamente imputables á actividade.

Nos eventos deportivos que se desenvolvan na rúa ou nunha instalación deportiva, xa sexa municipal ou doutra titularidade, terase ademais a obriga de colocar os elementos publicitarios do Concello da Coruña que lle poderán ser facilitados pola Concellería de Deportes.

En todo caso, deberá cumprir co principio básico de proporcionalidade de entre os diferentes patrocinios que teña a actividade. **En caso de non cumprirse, poderá ser motivo de resolución de reintegro da subvención. Deberá presentar na memoria da actividade a proposta dos elementos que se van utilizar e na memoria final documentos gráficos, para a súa valoración.**

**7.9** A entidade beneficiaria da subvención municipal comprométese a comunicarlle ao Concello da Coruña, Servizo de Deportes, cunha semana mínima de antelación, a data, hora e lugar das actividades deportivas que vaian executar coa subvención municipal. No tipo 2, débese comunicar con 30 días de antelación a data do evento e debe figurar nas RRSS.



# Concello da Coruña

**7.10** A entidade beneficiaria da subvención municipal comprométese a, se de modo oficial desde o Concello da Coruña se lle convoca a algunha recepción ou acto institucional, acudir e participar neles por medio dos seus representantes.

**7.11** Establécese un importe máximo para solicitar de 8.000,00 euros por cada subvención solicitada do tipo 1A; de 6.000,00 euros por cada subvención do tipo 1B; 20.000,00 euros por cada subvención solicitada do tipo 2; e de 6.000,00 euros por cada subvención do tipo 3.

En todo caso, o límite establecido para cada subvención será o que resulte de realizar a repartición do crédito total correspondente a cada tipo entre todas as actividades subvencionables de cada tipo. Poderá resultar dese cálculo que o importe da subvención non alcance o 80% do déficit da actividade, senón que sexa un importe inferior.

## 8 PROCEDIMENTO

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia **competitiva**.

## 9 ÓRGANO COMPETENTE

9.1 O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciárase sempre de oficio, mediante unha convocatoria pública aprobada polo órgano competente, consonte o que establecen o artigo 23 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos; o capítulo II do título I da Lei 38/2003, LXS e o seu regulamento de desenvolvemento; e o disposto na Lei 9/2007, LXS.

9.2 De conformidade coa Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2024, publicado no BOP do 5 de xullo de 2024, correspóndelle a competencia para aprobar e resolver os expedientes de subvencións correspóndelle ao concelleiro responsable de Deportes. A instrución do procedemento será levada a cabo pola sección administrativa do Servizo de Deportes, co visado da xefatura de servizo.

## 10 PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención deberanse presentar no modelo oficial específico establecido para este procedemento (formulario web), que se achega a esta convocatoria a través da Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> con destino ao Servizo Municipal de Deportes, no **prazo de 10 días hábiles, que contarán a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia para as liñas 1A, 1B e 2.**



# Concello da Coruña

**Soamente para a liña 3 (fases de ascenso), o prazo de 10 días hábiles abranguerá do 18 de maio ao 29 de maio (ambos incluídos). Como fundamento específico da autonomía material da dita liña, cómpre indicar que estas fases acontecen ao final do desenvolvemento das ligas regulares correspondente; as tempadas deportivas adoitan abarcar os períodos de setembro/outubro do ano actual a abril/maio do seguinte ano e lévase a cabo a fase de ascenso ou etapa final a partir do mes de maio correspondente.**

O feito de non utilizar os modelos oficiais establecidos na sede electrónica ou a presentación da solicitude por outro medio que non sexa a sede electrónica do Concello da Coruña será causa de non admisión da solicitude presentada.

Se o último día do prazo for inhábil (sábados, domingos e festivos), entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

## 11 DOCUMENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

1 **Solicitude no formulario web**, que contén a declaración relativa aos criterios avaliados contidos nos apartados 13.1 e 13.2 e que deberá cubrirse e presentarse no modelo oficial establecido no trámite específico creado na sede electrónica para o procedemento. Cumprirá indicar as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e que se detallan a continuación:

a) Número no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) e número de **rexistro** da Xunta de entidade deportiva. No suposto de non estar debidamente inscrita no REMAC, deberá de achegar a seguinte documentación relativa á entidade e ao seu/á súa representante:

1. Estatutos polos que se rexe a entidade e NIF.
2. Certificación acreditativa dos cargos representativos, finalidade e do domicilio social.
3. NIF do/a representante legal da entidade.
4. Certificación dos datos bancarios do/a solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo/a interesado/a no que respecta ao nome ou denominación social, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

b) Correo electrónico **ÚNICO**, exclusivamente para comunicación de información coa Administración, que deberá manterse activo durante toda a vixencia da convocatoria.



## Concello da Coruña

c) No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), o Concello e fronte á Seguridade Social, o/a solicitante deberá presentar os certificados acreditativos de acharse ao corrente no pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria (AEAT), o Concello da Coruña e ao corrente nas súas obrigas fronte á Seguridade Social.

d) Certificado das subvencións solicitadas e das que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

e) Declaración responsable de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria a que se refire o artigo 13 da LXS.

f) Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado a realizar as actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito recollido no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (segundo a redacción dada polo número 5 do artigo 13 introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE do 29 xullo) e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

g) Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

h) Declaración responsable do compromiso para manter na xustificación a porcentaxe de cofinanciamento da solicitude. Os ingresos reflectidos na solicitude deberán manterse no momento da xustificación, na proporción necesaria para non incumprir co coeficiente de financiamento.

i) Os demais determinados na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, e na Lei xeral de subvencións.

2. Anexo I, memoria ou proxecto técnico explicativo da actividade, recollerá os criterios avaliáveis establecidos no apartado 13.2. dedicado á memoria ou proxecto técnico.

A memoria debe presentarse **obrigatoriamente** no modelo oficial establecido que se achega a esta convocatoria no modelo **Anexo I**.

Será preceptivo delimitar o obxecto da subvención solicitada e axustala todo o posible ao importe máximo para conceder para as subvencións dese tipo, contido na cláusula 7.11.



## Concello da Coruña

**Ademais, para elaborar a memoria, deberase atender aos criterios de valoración da actividade para a cal se está solicitando a subvención e describir nela cada un dos elementos que van ser obxecto de valoración.**

3 Se se opta a unha subvención do tipo 1A, 2 e 3, deberase presentar un certificado da federación correspondente que acredite o número de licenzas que figuran na solicitude, con detalle da categoría na que compiten e a división entre mulleres, home e nenos/as. Achegarase o certificado que estea en vigor no momento de presentar a solicitude. **Cómpre indicar, do total de licenzas, cales se van destinar ao obxecto da subvención, xunto co número de equipos.**

4 Orzamento de ingresos e gastos da actividade ou proxecto, con expresión do financiamento previsto e a un nivel de detalle que permita comprobar que **todos os conceptos de gasto son subvencionables**, para o que haberá que cubrir o modelo do **Anexo II**.

Xunto con este orzamento, deberase achegar:

- Unha declaración responsable de non percibir outros ingresos directamente vinculados á actividade obxecto de subvención distintos dos que figuran no orzamento de gastos. Non se consideran ingresos directamente vinculados á actividade os percibidos por cotas de socios. Nese caso, a porcentaxe imputada á actividade por cota de socios considérase unha achega propia.

5 Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante, para o que haberá que cubrir o apartado reservado para tal fin na solicitude da subvención.

6 Presentación da última acta de renovación da Xunta Directiva, así como a acreditación da súa presentación ante o Rexistro de Entidades Deportivas.

Se os documentos esixidos xa estiveren en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o/a solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1, apartado d), do artigo 53 da Lei 39/2015, sempre que se fagan constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitido.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante ou ao seu representante que presente o dito documento ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos a que se refire este, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

**OS DOCUMENTOS NORMALIZADOS SINALADOS COMO "ANEXOS" NESTA CONVOCATORIA DÉBENSE CUBRIR OBRIGATORIAMENTE**



# Concello da Coruña

## 12 PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN

12.1 A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Mesa de Valoración, tal como indica a cláusula 14.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

De acordo co que dispón o artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes considere necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base 13 seguinte.

12.2 Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requiriralle ao/á interesado/a que emende a falta ou presente os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles. Indicaralle que, se non o fixer, teráselle por desistido da súa solicitude, tras a resolución previa que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. **Este requirimento poderase practicar conxuntamente a través da súa publicación no BOP.**

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderáselle requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e a documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

12.3 Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación que se indica na base 14 deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instrutor, logo de ver o expediente e o informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

## 13 CRITERIOS DE VALORACIÓN E DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN



# Concello da Coruña

Os criterios de valoración das solicitudes serán os seguintes:

## **13.1 CRITERIO COMÚN A TODAS AS ACTIVIDADES OU PROXECTOS: EN FUNCIÓN DO COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO PROPIO**

Outorgaráselle ata un máximo de **10 puntos** a aquelas entidades que teñan un maior coeficiente de financiamento propio relativo á actividade ou proxecto obxecto de subvención. Enténdese por financiamento propio a achega de diñeiro para financiar o proxecto, xa sexa pola propia entidade, por outros patrocinadores ou por outras administracións públicas.

A achega propia poderá realizarse imputando unha parte das cotas mensuais dos socios ao pago da actividade ou establecendo uns ingresos propios que deberán pagar os e as participantes nas actividades.

Adxudicaráselle 0 puntos á entidade que ofrezca un coeficiente de financiamento propio mínimo e obrigatorio do 20% (segundo establece a base 7.5 da presente convocatoria), e un máximo de 10 puntos ás entidades solicitantes que ofrezan o maior nivel de cofinanciamento, coas seguintes regras:

Ata o 20,99%: 0 puntos

Do 21% ao 25%: 2 puntos

Do 26% ao 30%: 4 puntos

Do 31% ao 35%: 6 puntos

Do 36% ao 40%: 8 puntos

A partir do 41%: 10 puntos

## **13.2 CRITERIOS RELATIVOS A CADA UNHA DAS ACTIVIDADES OU PROXECTOS**

### **13.2.1 CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA AS ACTIVIDADES DE TIPO 1A**

Considérase actividade deportiva o exercicio físico regulado, cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenvoltas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica.

**Baseándose no tipo de actividade, outorgaranse un máximo de 100 puntos. Para poder obter a subvención, será necesario que a actividade que se pretende subvencionar obteña un mínimo de 40 puntos.**

O criterio de repartición será o seguinte:



## Concello da Coruña

**a. Relevancia da modalidade deportiva e nivel da competición:** outorgaranse ata un máximo de **25 puntos**, segundo o nivel de competición en que participan os equipos (art. 18 da Lei do deporte: poden ser locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais ou internacionais).

Repartiranse:

- local: 1 punto
- provincial: 2 puntos
- interprovincial: 3 puntos
- autonómica: 4 puntos
- estatal: 5 puntos
- internacional: 10 puntos.

A puntuación será acumulativa, de tal forma que, se a actividade proposta participa en todas as competicións, obterá a máxima puntuación (25 puntos).

**b. Número de licenzas:** ata un máximo de **10 puntos**. A puntuación distribuirase considerando os deportes maioritarios e colectivos, minoritarios e colectivos e individuais, do seguinte xeito:

### **Deportes maioritarios e colectivos: (atletismo, fútbol)**

Ata 100 licenzas: 5 puntos  
Desde 101 licenzas ata 249: 8 puntos  
De 250 licenzas en diante: 10 puntos

### **Deportes minoritarios e colectivos (os non incluídos no apartado anterior e que sexan practicados por máis de 2 persoas):**

Ata 75 licenzas: 5 puntos  
Desde 76 licenzas ata 99: 8 puntos  
De 100 licenzas en diante: 10 puntos

### **Deportes individuais (todo aquel deporte que sexa practicado por un ou dous deportistas como máximo):**

Ata 50 licenzas: 5 puntos  
De 51 a 149 licenzas: 8 puntos  
De 150 licenzas en diante: 10 puntos

**c. Porcentaxe de licenzas femininas sobre o total de licenzas da entidade:** ata **5 puntos**, distribuídos do seguinte modo:

Ata 10%: 1 punto  
Entre o 11% e o 50%: 3 puntos



## Concello da Coruña

Desde o 50% en diante: 5 puntos

**d. Participar en eventos ou programas propios do Servizo Municipal de Deportes nos 2 últimos anos:** 1 punto por cada evento ou programa, ata un máximo de **5 puntos**.

**e. Experiencia no deporte e/ou actividade física propia:** valoraranse cun máximo de **10 puntos** os eventos, programas de actividades físicas propios ou outros, sempre que se enmarquen nalgunha das actividades descritas no tipo de subvención ao que optan, recollido nesta convocatoria, nos últimos 3 anos, a razón de 2 puntos por actividade.

**f. Competición deportiva dirixida a persoas con discapacidade:** deporte inclusivo, deporte paralímpico ou deporte adaptado. Ata un máximo de **5 puntos**.

**g. Memoria da actividade:** ata un máximo de **40 puntos**. Valoraranse nos seguintes criterios, da seguinte maneira:

- **XUSTIFICACIÓN DE INTERESE E COMPLEMENTARIEDADE:** valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, o grao de interese xeral ou sectorial da actividade, a coordinación e complementariedade cos programas municipais.
- **XUSTIFICACIÓN TURÍSTICA, ECONÓMICA E SOCIAL:** valorarase o grao de incidencia e interese xeral da actividade na cidade, desde un punto de vista turístico, económico, social ou de recoñecemento a nivel nacional ou internacional.
- **XUSTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS:** valorarase a proposta de recursos económicos necesarios e a súa adecuación ao obxecto da actividade para a que se solicita a subvención. Valorarase a proposta de recursos humanos e materiais necesarios para executar a actividade.
- **PROPOSTA DE ELEMENTOS DE XUSTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN:** valorarase a proposta de elementos que faciliten a verificación do cumprimento dos obxectivos contidos na memoria.
- **PROPOSTA DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS E SIMULACIÓN:** especificar e presentar memoria ou proxecto publicitario previsto coa imaxe corporativa municipal do Concello da Coruña, que deberá corresponderse coa oficial <https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=es>.

### 13.2.2 CRITERIOS DE VALORACIÓN ACTIVIDADE DO TIPO 1B: ACTIVIDADES NON FEDERADAS



## Concello da Coruña

Considérase actividade física ou deporte para todos o exercicio físico desenvolto co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de lecer e de favorecer o desenvolvemento integral da persoa. Este tipo de actividade non é federada.

Deberá presentarse un proxecto para unha actividade en concreto e non se admitirán as solicitudes xenéricas para todo tipo de actividade física.

**Baseándose no tipo de actividade, outorgaranse un máximo de 100 puntos. Para poder obter a subvención, será necesario que a actividade que se quere subvencionar obteña un mínimo 40 puntos.**

O criterio de repartimento será o seguinte:

**a. Incidencia no ámbito de aplicación (número de participantes): ata 20 puntos**

- ata 20 participantes: 5 puntos
- de 21 a 50 participantes: 10 puntos
- de 51 a 100 participantes: 15 puntos
- a partir de 101 participantes: 20 puntos.

Na memoria deberá quedar determinado de forma clara por que espera ese número de participantes (ex.: en función das inscricións de anos anteriores, por abrir un número de inscricións máximas etc.).

Para os efectos deste criterio, enténdese por participantes o seguinte:

- No suposto de deportes de equipo, cada equipo considerárase un participante.
- No suposto de deportes individuais, cada deportista considerárase un participante.

**b. Actividades físicas dirixidas ESPECIFICAMENTE a mulleres: ata 5 puntos.**

**c. Actividades físicas dirixidas ESPECIFICAMENTE a maiores de 65 anos: ata 10 puntos.**

**d. Actividades físicas dirixidas ESPECIFICAMENTE a persoas con discapacidade:** deporte inclusivo, deporte paralímpico ou deporte adaptado. Ata un máximo de **5 puntos**.

**e. Actividades físicas para todos os públicos: ata 5 puntos.**



## Concello da Coruña

**f. Participar en eventos ou programas propios do Servizo Municipal de Deportes nos 2 últimos anos:** 1 punto por cada evento ou programa, ata un máximo de **5 puntos**.

**g. Experiencia no deporte e/ou actividade física propia:** valoraranse cun máximo de **10 puntos** os eventos, programas de actividades físicas propios ou outros, sempre que se enmarquen nalgunha das actividades descritas no tipo de subvención ao que opta, recollido nesta convocatoria, nos últimos 3 anos, a razón de 2 puntos por actividade.

**h. Memoria ou proxecto técnico da actividade:** ata un máximo de **40 puntos**, que se distribuirán nos seguintes criterios. A puntuación outorgarase do seguinte modo:

- **XUSTIFICACIÓN DE INTERESE E COMPLEMENTARIEDADE:** valoraranse a descrición da finalidade do proxecto para o que se solicita a subvención, o grao de interese xeral ou sectorial da actividade, a coordinación e a complementariedade cos programas municipais.
- **XUSTIFICACIÓN TURÍSTICA, ECONÓMICA E SOCIAL:** valorarase o grao de incidencia e o interese xeral da actividade na cidade, desde un punto de vista turístico, económico, social ou de recoñecemento a nivel nacional ou internacional.
- **XUSTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS:** valorarase a proposta de recursos económicos necesarios e a súa adecuación ao obxecto da actividade para a que se solicita a subvención. Valorarase a proposta de recursos humanos e materiais necesarios para executar a actividade.
- **PROPOSTA DE ELEMENTOS DE XUSTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN:** valorarase a proposta de elementos que faciliten a verificación do cumprimento dos obxectivos contidos na memoria.
- **PROPOSTA DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS E SIMULACIÓN:** cómpre especificar e presentar a memoria ou o proxecto publicitario previsto coa imaxe corporativa municipal do Concello da Coruña, que deberá corresponderse coa oficial <https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=es>.

### 13.2.3 CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES DO TIPO 2

Organización de eventos deportivos e competicións de carácter extraordinario na cidade da Coruña, entendéndose por competicións ou eventos deportivos de



## Concello da Coruña

carácter extraordinario aqueles que teñen periodicidade anual ou superior. Inclúese a posibilidade de organizar cursos ou congresos deportivos de carácter nacional ou internacional.

**Baseándose no tipo de actividade, outorgaranse un máximo de 100 puntos. Para poder obter a subvención, será necesario que a actividade subvencionada obteña un mínimo de 40 puntos.**

Os criterios de valoración serán os seguintes:

**a) Participar en eventos ou programas propios do Servizo Municipal de Deportes nos 2 últimos anos:** 2 puntos por cada evento ou programa, ata un máximo de **8 puntos**.

**b) Experiencia no deporte e/ou actividade física propia:** valoraranse cun máximo de **10 puntos** os eventos, programas de actividades físicas propios ou outros, sempre que se enmarquen nalgunha das actividades descritas no tipo de subvención ao que opta, recollido nesta convocatoria, nos últimos 3 anos, a razón de 5 puntos por evento.

**c) Incidencia no ámbito de aplicación (número de participantes): ata 30 puntos.**

ata 50 participantes: 10 puntos

de 51 a 250 participantes: 15 puntos

de 251 a 500 participantes: 25 puntos

de 501 a 999 participantes: 28 puntos

de 1.000 en diante: 30 puntos.

Na memoria deberá quedar determinado de forma clara por que espera ese número de participantes (ex. en función das inscricións de anos anteriores; por abrir un número de inscricións máximas etc.).

**d) Fomento da participación feminina: máximo 2 puntos.**

**e) Actividade federada: 10 puntos.**

**f) Memoria da actividade:** ata un máximo de **40 puntos**, que se distribuirán nos seguintes criterios. Outorgaráselles a cada un deles segundo a seguinte distribución:

- **XUSTIFICACIÓN DE INTERESE E COMPLEMENTARIEDADE:** valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, o grao de interese xeral ou sectorial da actividade, a coordinación e a complementariedade cos programas municipais.



## Concello da Coruña

- XUSTIFICACIÓN TURÍSTICA, ECONÓMICA E SOCIAL: valorarase o grao de incidencia e interese xeral da actividade na cidade, desde un punto de vista turístico, económico, social ou de recoñecemento a nivel nacional ou internacional.
- XUSTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS: valorarase a proposta de recursos económicos necesarios e a súa adecuación ao obxecto da actividade para a que se solicita a subvención. Valorarase a proposta de recursos humanos e materiais necesarios para executar a actividade.
- PROPOSTA DE ELEMENTOS DE XUSTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN: valorarase a proposta de elementos que faciliten a verificación do cumprimento dos obxectivos contidos na memoria.
- PROPOSTA DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS E SIMULACIÓN: cómpre especificar e presentar a memoria ou o proxecto publicitario previsto coa imaxe corporativa municipal do Concello da Coruña, que deberá corresponderse coa oficial <https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=es>.

### 13.2.4 CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA AS ACTIVIDADES DE TIPO 3

Campionatos de España, Europa, fases de ascenso ou fase final fóra do municipio

**Baseándose no tipo de actividade, outorgaranse un máximo de 100 puntos. Para poder obter a subvención, será necesario que a actividade que se quere subvencionar obteña un mínimo de 40 puntos.**

O criterio de repartimento será o seguinte:

**a. Relevancia da modalidade deportiva e nivel da competición:** outorgaranse ata un máximo de **25 puntos**, segundo o nivel de competición en que participan os equipos (art. 18 da Lei do deporte: poden ser locais, provinciais, interprovinciais, autonómicas, estatais ou internacionais).

Repartiranse:

- local: 1 punto
- provincial: 2 puntos
- interprovincial: 3 puntos
- autonómica: 4 puntos
- estatal: 5 puntos
- internacional: 10 puntos.

A puntuación será acumulativa, de tal forma que, se a actividade proposta participa en todas as competicións, obterá a máxima puntuación (25 puntos).



## Concello da Coruña

**b. Número de licenzas:** ata un máximo de **10 puntos**. A puntuación distribuirase considerando os deportes maioritarios e colectivos, minoritarios e colectivos e individuais, da seguinte maneira:

### **Deportes maioritarios e colectivos: (atletismo, fútbol)**

ata 100 licenzas: 5 puntos  
desde 101 licenzas ata 249: 8 puntos  
de 250 licenzas en diante: 10 puntos

### **Deportes minoritarios e colectivos (os non incluídos no apartado anterior e que sexan practicados por máis de 2 persoas):**

Ata 75 licenzas: 5 puntos  
Desde 76 licenzas ata 99: 8 puntos  
Desde 100 licenzas en diante: 10 puntos

### **Deportes individuais: (todo aquel deporte que sexa practicado por un ou dous deportistas como máximo)**

ata 50 licenzas: 5 puntos  
de 51 a 149 licenzas: 8 puntos  
de 150 licenzas en diante: 10 puntos

### **c. Porcentaxe de licenzas femininas sobre o total de licenzas da entidade:** ata **5 puntos**, distribuídos do seguinte modo:

ata 10%: 1 punto  
entre o 11% e o 50%: 3 puntos  
desde o 50% en diante: 5 puntos

### **d. Participar en eventos ou programas propios do Servizo municipal de deportes nos 2 últimos anos:** 1 punto por cada evento ou programa, ata un máximo de **5 puntos**.

**e. Experiencia no deporte e/ou actividade física propia:** valoraranse cun máximo de **10 puntos** os eventos, programas de actividades físicas propios ou outros, sempre que se enmarquen nalgunha das actividades descritas no tipo de subvención ao que opta, recollido nesta convocatoria, nos últimos 3 anos, a razón de 2 puntos por actividade.

**f. Competición deportiva dirixida a persoas con discapacidade:** deporte inclusivo, deporte paralímpico ou deporte adaptado. Ata un máximo de **5 puntos**.

**g. Memoria da actividade:** ata un máximo de **40 puntos:** valoraranse os seguintes criterios, do seguinte xeito:



## Concello da Coruña

- XUSTIFICACIÓN DE INTERESE E COMPLEMENTARIEDADE: valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, o grao de interese xeral ou sectorial da actividade, a coordinación e a complementariedade cos programas municipais.
- XUSTIFICACIÓN TURÍSTICA, ECONÓMICA E SOCIAL: valorarase o grao de incidencia e interese xeral da actividade na cidade, desde un punto de vista turístico, económico, social ou de recoñecemento a nivel nacional ou internacional.
- XUSTIFICACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS: valorarase a proposta de recursos económicos necesarios e a súa adecuación ao obxecto da actividade para a que se solicita a subvención. Valorarase a proposta de recursos humanos e materiais necesarios para executar a actividade.
- PROPOSTA DE ELEMENTOS DE XUSTIFICACIÓN E VERIFICACIÓN: valorarase a proposta de elementos que faciliten a verificación do cumprimento dos obxectivos contidos na memoria.
- PROPOSTA DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS E SIMULACIÓN: cómpre especificar e presentar unha memoria ou proxecto publicitario previsto, coa imaxe corporativa municipal do Concello da Coruña, que deberá corresponderse coa oficial <https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argidioma=es>.

### 13.3 DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN

A repartición das subvencións farase ata esgotar o crédito dispoñible para cada tipo e a contía resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

**Contía da subvención = puntos obtidos por parte da actividade obxecto de subvención x valor do punto correspondente a cada tipo de actividade**

O valor do punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Valor punto = crédito total que se distribuirá entre cada tipo de subvención/total de puntos obtidos por todas as subvencións do mesmo tipo

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable por actividade previsto na convocatoria.



# Concello da Coruña

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estas redistribuirase entre as actividades ou proxectos do mesmo tipo cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase aplicando o mesmo procedemento recollido nesta base. Participarán unicamente os proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada ou ao tope establecido nas presentes bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

Aplicarase novamente a fórmula establecida para calcular o valor do punto, neste caso, precisando o seguinte:

Valor punto = crédito que se distribuirá entre cada tipo de subvención; tomarase como tal o crédito excedente correspondente ao tipo da repartimento anterior/total de puntos obtidos polas subvencións do mesmo tipo, cuxa cantidade asignada no repartimento anterior fose inferior á solicitada ou ao tope establecido nas presentes bases.

Todas as operacións se expresarán en números con dous decimais. Exceptuarase a asignación final, que se redondeará a enteiros.

## 14 MESA DE AVALIACIÓN

As solicitudes de subvencións serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación, nomeada pola persoa que ocupe a Concellería delegada de Deportes, e que estará composta polos seguintes membros, tendo en conta o artigo 26 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos:

- Presidente/a: un funcionario ou funcionaria municipal pertencente ao subgrupo A1/A2
- Vogais: dous técnicos ou técnicas municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2/C1
- Secretaria/ou: un funcionario ou funcionaria municipal pertencente ao subgrupo A1/A2.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderalles requirir aos solicitantes de subvención a información ou documentación aclaratoria que terá relevancia fundamental e relación directa, para unha mellor valoración das solicitudes.

## 15 PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN: PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN E TRÁMITE DE ALEGACIÓNS



# Concello da Coruña

1 A proposta provisional de resolución notificaráselles ás entidades interesadas mediante un **ANUNCIO PÚBLICO**, na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

a) O taboleiro de anuncios e edictos da Sede electrónica do Concello da Coruña  
(<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&dictos=true>)

a) A páxina web municipal: [www.coruna.es/deportes](http://www.coruna.es/deportes)

Tras esta notificación, concederáselles ás persoas solicitantes un prazo de 10 días hábiles para presentaren alegacións.

2 A proposta provisional de resolución non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración, mentres non se lle notificase a resolución definitiva da concesión.

3 Cando a subvención estea destinada a financiar actividades ou proxectos que deba desenvolver a entidade solicitante e o importe da subvención para a proposta provisional de resolución sexa inferior ao contido na solicitude presentada, de conformidade co disposto no artigo 27.2 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, poderase instar o beneficiario para que reformule a súa solicitude, que axuste os compromisos e condicións á subvención concedida, nun prazo non superior a cinco días hábiles desde que finalice o prazo de presentación de alegacións.

Neste suposto, a entidade beneficiaria que presente a reformulación deberá manter a porcentaxe de cofinanciamento que constaba no orzamento inicial. No caso de que se reaxuste o orzamento á baixa, deberá xustificarse adecuadamente o mantemento dos criterios que resultaron esenciais para o outorgamento da subvención concedida.

## 16 RESOLUCIÓN DEFINITIVA

16.1 O acordo de resolución da convocatoria incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de entidade beneficiaria, non sexan estimadas por non cumpriren cos requisitos de puntuación mínima, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas, en función dos criterios de valoración establecidos nelas.

Así mesmo, contará tamén cunha relación ordenada de todas as solicitudes concedidas, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas, en función dos criterios de valoración establecidos.



## Concello da Coruña

Na devandita resolución, indicárase tamén o coeficiente de financiamento do importe da actividade subvencionada, que se corresponde coa subvención concedida.

Coeficiente financiamento (CF): é o que resulta do importe subvencionado respecto ao custo total da actividade presentado pola entidade expresado en %. O CF nunca poderá ser superior ao 80%.

O CF é constante, de tal forma que en caso de que diminúa o orzamento definitivo da actividade, o importe da subvención tamén diminuirá proporcionalmente para manter o dito coeficiente de financiamento.

16.2. Se unha entidade beneficiaria obtiver unha subvención ou patrocinio con posterioridade á resolución para a actividade obxecto desta, quedará obrigada a incrementar o importe do orzamento subvencionado que cómpre xustificar polo mesmo importe que o obtido con esa nova subvención ou patrocinio. O novo coeficiente de financiamento, para os efectos de cálculos de posibles reintegros, virá definido como o cociente de dividir o novo importe do orzamento subvencionado e a subvención municipal recoñecida ao amparo da presente convocatoria.

16.3. Se algunha das entidades beneficiarias renunciase á subvención, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a repartición da contía da dita subvención entre o resto das subvencións concedidas, en proporción á puntuación obtida, sen que se poida superar en ningún caso o límite máximo establecido segundo o tipo por subvención nin o importe solicitado pola entidade.

16.4. A proposta de resolución definitiva **NOTIFICARÁSELLES A TRAVÉS DA PUBLICACIÓN NO BOP**, de conformidade co que dispón o art. 45.1 b da Lei 39/2015, ás entidades que resultasen beneficiarias, consonte o que establecen o artigo 26 da LXS e os artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que no prazo de cinco días hábiles lle comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Unha vez transcorrido este prazo sen producirse a renuncia expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

16.5 O prazo máximo de resolución e notificación/publicación da concesión das subvencións é de nove meses, que contarán a partir da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. O período utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos de solicitudes interromperá este prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



# Concello da Coruña

O vencemento do este prazo máximo sen notificar/publicar a resolución lexitima as entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención non xera dereito ningún á percepción desta en futuras convocatorias.

## 17 RECURSOS PROCEDENTES CONTRA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A resolución do procedemento poñeralle fin á vía administrativa e contra a dita resolución caberá a interposición dun recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses. Con todo, as entidades interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes. Nese caso, o prazo para presentar o recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso.

No caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolveu o recurso de reposición interposto (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC, STC 52/2014, do 10 de abril).

## 18 ABOAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Consonte o establecido no artigo 34 da Lei xeral de subvencións e no artigo 41 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, o pago da subvención concedida realizarase logo da xustificación previa pola beneficiaria da realización da/s actividade/s ou proxecto/s para o/s que se concedeu a subvención, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención. Todo iso de acordo coas seguintes condicións:

1 Dadas as características dos destinatarios das subvencións, a contía destas e a natureza das iniciativas obxecto de subvención, poderá acordarse o pago anticipado da subvención outorgada, que supoñerá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

2 **O pago anticipado tramitarase a instancia da entidade beneficiaria polo órgano instrutor.** O pago anticipado será dun 100% do importe total da subvención, e neste caso deberá de constituírse unha garantía do 10% do importe total, que poderá realizarse mediante a retención do pago polo Concello da dita porcentaxe, polo que o importe



# Concello da Coruña

líquido que se percibirá polas entidades será dun 90% do importe da subvención. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

A tramitación do pago anticipado queda condicionada a que a entidade deportiva xustifícase calquera subvención anteriormente outorgada polo Concello da Coruña, excepto que aínda non transcorrese o prazo de xustificación correspondente.

3 En todo caso, para poder solicitar pagos anticipados, deberá acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria estatal, o Concello e a Seguridade Social.

4 O pago realizarase mediante ingreso na conta indicada pola entidade beneficiaria.

## 19 OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Consonte o establecido no artigo 14 da LXS e no artigo 14 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, as entidades beneficiarias das subvencións, obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar a/s actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Empregar os fondos percibidos nos fins e a finalidade para os que foron outorgados.
- c) Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- d) Comunicar por escrito e motivadamente, no prazo máximo dun mes desde a notificación/publicación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos deste, para a súa aprobación.
- e) Establecer e, se for o caso, manter as medidas de coordinación necesarias co servizo municipal xestor e instrutor do expediente para o desenvolvemento correcto do proxecto.
- f) Proporcionarlle ao servizo xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira para os efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
- g) Facilitarlle a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren máis adecuados.



h) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

j) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

k) **Facer constar explicitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicación (dípticos, carteis, impresos, anuncios, placas conmemorativas, soportes electrónicos e audiovisuais, roupa deportiva, premios, trofeos, medallas etc.) o logotipo do Concello da Coruña -segundo as especificacións de imaxe corporativa que figuran na web do Concello- en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello no seu financiamento. En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades, informarase do financiamento público do Concello a través dun cartel tamaño mínimo A3, nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, se se dispón dela.**

**Sen prexuízo doutras accións publicitarias e informativas que desenvolva a entidade deportiva, no caso de subvencións concedidas para o tipo 1, será obrigatorio para a entidade deportiva que o logo do Concello da Coruña conste na indumentaria deportiva oficial do club, en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos, se os houberse. En todo caso, o logo do Concello da Coruña debe figurar no equipamento de competición.**

l) Utilizar, no exercicio das súas actividades, unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.

m) Utilizar, durante o tempo de duración da execución e xustificación da subvención, unha única conta bancaria (salvo casos excepcionais), onde se lles fará fronte aos pagos derivados da execución do proxecto obxecto de subvención (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada a estas. Na dita conta,



# Concello da Coruña

ingresarase a achega do Concello da Coruña e efectuaranse os pagos obxecto deste.

n) As demais obrigas impostas pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, pola LXS e polas demais normas reguladoras da materia.

## 20 XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

### 20.1 Prazo

As persoas beneficiarias da subvención estarán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo de xustificación da subvención será ata o 28 de febreiro de 2027.

De acordo co que dispón o artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións, unha vez transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, o dito órgano requiriralle ao beneficiario que, no prazo improrrogable de quince días, a presente, para os efectos previstos. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións.

### 20.2 Forma

**20.2.1** Esta subvención de concorrencia competitiva está recollida no Orzamento xeral en vigor e os importes que se van adxudicar van ser inferiores a 60.000 euros. Por tanto, sobre a base do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS establécese a conta xustificativa simplificada como a forma de xustificación.

**20.2.2** As entidades beneficiarias da subvención estarán obrigadas a xustificaren documentalmente o cumprimento das condicións impostas na aplicación dos fondos recibidos. A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse na Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> con destino ao Servizo de Deportes.

O importe da subvención **está vinculado** ao gasto efectivo do importe da actividade subvencionada; en ningún caso, poderá ser superior ao déficit desta. A beneficiaria xustificará que realizou a actividade de que se trate, nos termos da memoria presentada.



# Concello da Coruña

Deberá xustificarse, como mínimo, a totalidade do importe da actividade subvencionada aprobado na resolución de concesión da subvención.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao importe da actividade subvencionada, dará lugar a unha redución da cantidade concedida. O cálculo da redución obterase de multiplicarlle o coeficiente de financiamento á cantidade finalmente xustificada.

Se se xustificase un gasto inferior ao 50% do orzamento que debería xustificar pola entidade, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non lle será aboada ningunha cantidade ou, de ser o caso, solicitarase o reintegro total da subvención xa pagada.

**20.2.3** De non producirse unha adecuada xustificación, isto poderá dar lugar á perda do dereito á cobranza total cando a Mesa de Avaliación non considere alcanzados os obxectivos propostos na actividade; ou parcial da subvención no resto dos casos.

**20.2.4** O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en fiscalización de contas. Esta información poderá referirse á documentación que inclúa datos de carácter persoal de terceiras persoas.

## 20.3 Documentación da conta xustificativa simplificada para presentar

### 1 Impreso de presentación de solicitude de xustificación (**J0**)

**Xustificación de desviacións** do balance con respecto ao orzamento aprobado (presentado pola entidade coa solicitude), para comprobar a medida en que se axustou o balance ao dito orzamento. Neste sentido, o importe da subvención está vinculado o orzamento total da actividade aprobado e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit desta.

**2** Memoria que acredite que a actividade foi realizada nas condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos resultados obtidos e grao de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos cualitativos da memoria inicial presentada e coas adaptacións necesarias motivadas e proporcionadas ao orzamento subvencionado se resultase inferior ao inicialmente exposto pola entidade (**anexo J1**).

**3** Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar **que se axustou** ao



# Concello da Coruña

orçamento aprobado na resolución de concesión da subvención, en que se inclúan as desviacións orzamentarias **(anexo J2)**.

**4 Relación clasificada e detallada de todos os gastos da actividade realizada que foi obxecto da subvención**, con indicación de: acredor (nome completo sen abreviaturas), NIF, núm. do documento xustificativo (na súa totalidade), data de emisión, importe, concepto (o máis detallado posible), data de pago e % de gasto de cada factura que se imputa á actividade **(anexo J3)**. Na relación deben numerarse os xustificantes co fin de poder determinar o número de xustificantes que van ser obxecto de mostraxe.

**Todos os xustificantes de gasto e pago deberán achegarse numerados, co mesmo número indicado no Anexo J3.**

Deberán presentarse na Sede electrónica (trámite específico), cos seguintes formatos:

- Excel desprotexido para a introdución de datos polo beneficiario: e.xls ou xlsx (folla de Excel).
- En PDF asinados pola Secretaría e a Presidencia.

**5** Certificado do/a secretario/a da entidade, co visto e praxe do/a presidente/a, acerca das subvencións e dos demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada, con independencia do seu reflexo no balance **(anexo J4)**.

**6** Se for o caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados dos mesmos.

**7** Comprobaranse todos os xustificantes de gasto cando o seu número sexa igual ou inferior a 20, así como aqueles cuxo importe individualmente supere o 25% do importe da subvención concedida. Nos casos en que o seu número supere os 20, valoraranse consonte os criterios de mostraxe indicados no punto 8. A maiores, unha vez revisada a relación de gastos que figura na conta xustificativa, notificaráselle a relación de xustificantes que deben ser presentados ante o órgano concedente, para a súa comprobación. Este número calcularase en función dos criterios de mostraxe aprobados nesta convocatoria.

**8. Mostraxe de xustificantes:**

Comprobarase, a través dos criterios de mostraxe que se indicarán a continuación, os xustificantes que permitan obter unha evidencia razoable sobre a aplicación adecuada da subvención, para cuxo fin se lle poderá requirir ao beneficiario, no prazo máximo de catro anos, que contarán desde a finalización da presentación da conta xustificativa, a achega de



# Concello da Coruña

todos os xustificantes de gastos e os pagos correspondentes, nos termos que se indican a continuación:

Criterios de mostraxe:

- Comprobaranse, en todo caso, todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, cando menos, supoñan as seguintes porcentaxes con respecto ao número de elementos da relación da mostraxe:
  - 1.º Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a 20: comprobarase o 100%.
  - 2.º Se o número de xustificantes fose superior a 20 e inferior ou igual a 50: comprobarase o 60%
  - 3.º Se o número de xustificantes fose superior a 50 e inferior ou igual a 100: comprobarase o 40%
  - 4.º Se o número de xustificantes fose superior a 100: comprobarase o 20%.

Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra, aplicarase o seguinte **procedemento de selección de xustificantes**:

- Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe serán os que conforman a relación presentada polo/a beneficiario/a menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.
- Numeraranse sucesivamente os xustificantes que van ser obxecto de mostraxe, conforme a orde da relación clasificada de gastos achegada polo/a beneficiario/a na conta xustificativa.
- Determinarase o volume de xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar conforme ao indicado anteriormente, é dicir, aplicando a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto de mostraxe.
- Obterase o cociente resultante de dividir o número de elementos que conforman a relación da mostraxe entre o número de elementos da mostra, para o que se redondearán os decimais ao número enteiro máis próximo.
- Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra do seguinte modo:

O número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente, calculado anteriormente, o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da



## Concello da Coruña

presentación da conta xustificativa (o correspondente ao número dos segundos)

- Os restantes elementos da mostraxe determinaranse aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non se chegase ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e seguir polo principio da listaxe, ata alcanzar o número que corresponde. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.
- Se algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que impida obter a evidencia razoable sobre a aplicación adecuada da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e, en consecuencia, o cálculo de importe da subvención que se debe reintegrar nese caso.
- En todo caso, o instrutor do procedemento resérvase o dereito de, despois de aplicar o procedemento anteriormente establecido para determinar aleatoriamente os xustificantes que cómpre presentar, solicitar a presentación dos xustificantes en concreto que considere necesarios para unha mellor xustificación da subvención.

### **Requisitos dos xustificantes de gasto:**

Para eses efectos, deberanse ter en conta, sobre a xustificación do gasto, as seguintes condicións:

- Xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poden admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación. En todo caso, o gasto ten que cumprir co establecido na base 4, estar vinculado coa actividade e ser estritamente necesario.
- No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, se a beneficiaria está obrigada á retención do IRPF, nos límites e excepcións que establece a lei e regulamento do imposto ou, de ser o caso, deberá acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
- Se a subvención outorgada ten como destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a beneficiaria está obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establecen a lei e o regulamento do imposto ou, se for o caso, disposicións regulamentarias en vigor, e deberá acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190, así como os modelos 115 e 180 nos casos de arrendamentos.



## Concello da Coruña

- No caso de imputarse gastos de persoal: nóminas, serán obrigatorios os documentos RLC (Relación de liquidación de cotizacións) e RNT (Relación nominal de traballadores) debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda cando non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema REDE. O modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores/as suxeitos/as ao IRPF.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS debe solicitar a beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

No que se refire á xustificación dos pagos, deberase ter en conta o seguinte:

- Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo da xustificación.
- Os documentos de gasto deben ir acompañados dos documentos bancarios ou contables que acrediten a efectividade do pago. Non se aceptarán aqueles documentos de pago que, aínda sendo conformes cos requisitos formais que se expoñen máis adiante, non permitan identificar claramente o gasto da finalidade desta subvención.
- Non se considera xustificado ningún gasto aboado en efectivo, en ningún caso, nin aqueles en que non conste clara e fidedignamente a trazabilidade entre o gasto e o aboamento deste.  
A acreditación do pago debe xustificarse a través da transferencia bancaria, a domiciliación bancaria dos gastos ou pago a través da tarxeta vinculada á conta da entidade e deberá presentarse coa factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque, deberá achegarse, ademais, unha fotocopia deste e igualmente o extracto ou movemento bancario que acredite que o/a destinatario/a fixo efectivo o pago.
- Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega a estes dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.
- Os pagos deberán efectuarse a través da conta bancaria única que a entidade que sexa obxecto de subvención está obrigada a ter para os efectos de que todos os ingresos e gastos obxecto da subvención outorgada se xestionen desde a mesma conta bancaria, que deberá manterse durante o período de execución e xustificación da subvención, salvo casos excepcionais.
- O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o/a beneficiario/a quedará obrigado/a a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, pola Intervención Xeral directamente ou a través da empresa colaboradora, e os órganos competentes en censura de contas.

## 21 PERDA DO DEREITO Á COBRANZA



## Concello da Coruña

21.1 Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro dispostas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións e o artigo 42 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos. Nos casos en que proceda, aplicarase o reintegro tendo en conta o artigo 42 e 43 da ordenanza anterior.

21.2. O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á *esixencia do interese legal* do diñeiro que resulte da aplicación desde o momento do aboamento da subvención ata a data de reintegro, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos, da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Incumprimento total ou parcial do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei xeral de subvencións.
- c) En caso de xustificar fóra do prazo, e tras o requirimento efectuado consonte o sinalado no artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións.
- d) Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei xeral de subvencións e as contidas nas presentes bases.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro establecidas nos artigos 14 e 15 da Lei xeral de subvencións, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, nos termos que se determinan na Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismo públicos.
- f) Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da subvención.
- g) Calquera outra causa das recollidas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos do 74 ao 76 do Regulamento xeral para a aplicación da citada lei e no artigo 42 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvención polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

21.3 Así mesmo, realizarase, nos termos indicados no parágrafo segundo da base 16, o reintegro do exceso de financiamento nos supostos en que, por



# Concello da Coruña

concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas non se empregou para incrementar o importe subvencionable da actividade.

21.4 O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei xeral de subvencións e 91 e seguintes do Regulamento xeral de subvencións.

## 22 RECURSOS

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven delas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Disposición adicional primeira

Será de aplicación en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica teranse en conta as bases de execución de Orzamento municipal.

### Primeira. Información ás entidades ou agrupacións interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, a través da páxina web oficial municipal: <http://www.coruna.gal/deportes> e/ou no enderezo electrónico [uadeportes@coruna.gal](mailto:uadeportes@coruna.gal).

Todas as operacións aritméticas que se realicen na instrución dos expedientes a que dea lugar a presente convocatoria redondearanse, salvo previsión expresa, en contrario.

### Segunda. Protección de datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Concello da Coruña, en calidade do responsable de tratamento, coa finalidade de xestionar as solicitudes, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, utilizaranse para xestionar a entrada de documentos ou comunicacións que se presenten, así como a saída de documentos oficiais e comunicacións, como a apertura dos expedientes administrativos. Os/as interesados/as poderán exercer os dereitos



## Concello da Coruña

de acceso, rectificación supresión, limitación ou, de ser o caso, oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito, xunto co NIF, no Rexistro de Entrada do Concello da Coruña: praza de María Pita, 1, 15001, A Coruña ou, se for o caso, ao noso delegado de protección de datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal. Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Información dispoñible sobre o tratamento dos seus datos en (https://coruna.gal/rat)"

### **Terceira. Publicidade das subvencións no portal de transparencia**

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo Goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e entidades beneficiarias será obxecto de publicación no portal de transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>.

*Concelleiro responsable de Deportes, D. Manuel José Vázquez Martínez*